

Interpretación do Patrimonio e Educación Ambiental

Francisco J. Guerra Rosado

Director do Posgrao en Interpretación ambiental e do patrimonio da UOC. Coeditor do Boletín de Interpretación. Director de SEEDA S.L. (Sevilla-España)

Introducción

Hai xa máis de vinte e cinco anos que se comezou a falar en España de interpretación ambiental. Desde entón, desenvolvéronse no noso país diferentes eventos que tiveron esta disciplina como protagonista: o IV Congreso Internacional sobre Interpretación do Patrimonio, que organizou o HII (Heritage Interpretation Internacional) e que se celebrou en Barcelona en 1995; numerosos cursos e procesos formativos, entre os que destacan os da Aula de Verán do CENEAM, de Educación e Interpretación Ambiental (entre os anos 1993 e 2006), ou o curso de posgrao que vén desenvolvendo desde o ano 2000 a Universitat Oberta de Catalunya; a creación dunha Asociación para a Interpretación do Patrimonio (AIP-España), de carácter nacional, e dalgunha outra no ámbito rexional; a aparición de diferentes obras específicas sobre a interpretación que se editan neste país; a inclusión da interpretación nas diversas estratexias de educación ambiental etc.

A pesar de todo o que expuxemos, resulta curioso comprobar como, cada vez que ten lugar un debate sobre calquera dos diferentes aspectos da disciplina, xorden dúbidas e discusións a respecto da súa propia esencia de ser, do seu público destinatario, dos seus medios etc. Todo iso, probablemente, sería debido a que, por moi diferentes razóns, se asumiu o seu uso de palabra (os centros de interpretación, os itinerarios interpretativos etc.), forman parte da paisaxe habitual dos espazos naturais protexidos) e se esqueceu por completo, non só o verdadeiro significado do concepto, senón, sobre todo, a súa filosofía e os seus principios.

É practicamente seguro que esta situación se acha, ademais, reforzada pola escaseza de textos en castelán, que permitirían un achegamento máis real á interpretación e a cada unha das súas especialidades.

Dentro deste contexto, resulta especialmente interesante a reflexión sobre se a interpretación do patrimonio é, ou non é, Educación Ambiental (EA). Se ben, dun tempo a esta parte, a maioría das persoas implicadas na disciplina falan de interpretación “do patrimonio”, moitos dos que empezamos a traballar nela coñécemola como “interpretación ambiental”, dada a súa vinculación cos espazos naturais protexidos e, en xeral, coa conservación da natureza.

Durante moitos anos, a interpretación estivo directamente vinculada á Educación Ambiental e é probable que os desexos de as separar teñan un carácter reivindicativo por parte dalgúns profesionais da interpretación, que observan como a miúdo se usa o concepto sen que se coñezan os seus métodos e as súas especificidades. Tamén é certo que, desde a Educación Ambiental, un proceso tan aparentemente informal como a interpretación non se recoñeza como un proceso educativo. A realidade é que cada vez que conseguimos que o público goce dun atardecer ou dos misterios que rodean os diferentes aspectos da vida, estamos a contribuír á súa educación e á comprensión do que nos rodea, toda vez que incidimos na creación

de vínculos afectivos entre as devanditas persoas e aquilo que é interpretado.

En todo caso, e para reforzar este vínculo, no Libro Branco da Educación Ambiental en España (1999) faise mención á interpretación ambiental, para se referir a ela como unha ferramenta que se amosa moi efectiva para a comunicación in situ de significados e de interrelacións aos visitantes dos espazos cun determinado valor ambiental ou patrimonial, e cuxo especial interese radica en que permite captar un público do que non agarda un alto nivel de atención e que se acha nun contexto recreativo, é dicir, que en circunstancias normais non aceptaría propostas de información-educación.

A interpretación tamén estivo presente nas diferentes xornadas que se celebraron en España sobre Educación Ambiental e, mesmo, nas Terceiras Xornadas (Pamplona, 1999) existiu un grupo de traballo dedicado especificamente a esta disciplina. Tamén foi obxecto de números monográficos dalgunhas revistas españolas dedicadas á Educación Ambiental, como Ciclos.

Algúns apuntamentos sobre a Interpretación do Patrimonio

Curiosamente e a pesar de que o pai da disciplina -Freeman Tilden- titulou a súa obra en 1957 como “A interpretación do noso patrimonio” (Interpreting our heritage) non foi ata 1986, coa celebración do I Congreso Internacional sobre Interpretación en Banff (Canadá), cando se decidiu “oficialmente” a súa denominación como “do patrimonio”, por considerar que este concepto englobaba non só o natural senón tamén o cultural, o histórico etc. A pesar diso, hoxe en día séguese a falar de interpretación ambiental e só desde hai uns poucos anos se asumiu a súa importancia e a súa utilidade desde os organismos xestores doutras formas de patrimonio non naturais.

A realidade é que a interpretación constitúe unha ferramenta de comunicación que intenta revelar ao público os valores dun sitio en concreto e cuxo fin último é a conservación dos devanditos valores, independentemente da forma patrimonial de que se trate, polo que quizais deberíamos concluír que se trata dunha forma de educación ambiental, polo menos cando se refire ao tratamento de aspectos naturalísticos. Existe ademais outra realidade: aínda que para moitas persoas o concepto de medio segue

a estar vinculado, exclusivamente, aos valores de carácter naturalístico, a realidade é que o concepto engloba tamén os valores sociais e culturais, polo que, sen demasiados esforzos, poderíamos equiparalo ao concepto de patrimonio. No contexto español, está asumida a definición realizada en 1995 pola *Asociación para a Interpretación do Patrimonio* (AIP), segundo a cal a interpretación do patrimonio pode definirse como a revelación in situ do significado do legado natural, cultural ou histórico ao público xeral que visita certos lugares no seu tempo libre.

Quizais o que separa a interpretación doutras estratexias de comunicación para a conservación sexa o público e as circunstancias que rodean o proceso de transmisión da información. O destinatario da interpretación está constituído exclusivamente -e por definición- polo público xeral: unha audiencia non cativa que non está suxeita a ningún tipo de obriga cando se enfronta a un ben natural ou cultural, e cuxa única expectativa de proveito é de carácter espiritual ou estético, sen que exista ningún tipo de incentivo extraordinario: aprobar exames, recibir algún punto por un traballo excelente... Non é, por tanto, o caso dos grupos escolares, por pór un exemplo, que acoden a visitar un espazo protexido acompañados, habitualmente, do seu profesorado e cuxo obxectivo principal é o coñecemento do espazo. Se ben é certo que se poden empregar técnicas

interpretativas no tratamento deste e doutros colectivos, a realidade é que os obxectivos dos devanditos programas, así como as actividades que se destinan a eles, non se poden chamar, verdadeiramente, interpretación. A interpretación procura espertar a curiosidade por enriba de a satisfacer e é este pequeno detalle, e outros moitos como el, o que marca a diferenza substancial entre o interpretativo e o estritamente educativo.

Por desgraza, o maior coñecemento da disciplina por parte daqueles que non se relacionan con ela, débese aos centros de visitantes (antes coñecidos como centros de interpretación). Estes equipamentos posúen, sen dúbida, unha utilidade didáctica para o ensino formal e unha utilidade interpretativa (recreativa ou inspiradora) para o público xeral. Son, en xeral, adecuados para concentraren o público, para serviren de transición psicolóxica entre o seu mundo cotián e o lugar que se visita, para lle brindaren unha información básica, para conteren unha serie de servizos de diferente índole etc. Non obstante, non constitúen, en ningún caso e fronte ao que parece a visión máis común, a forma ideal de realizar unha interpretación. Esta debe ser desenvolvida in situ, na presenza daquilo que é interpretado, agás cando existir algún tipo de risco para o recurso ou para os visitantes; todas as demais son formas substitutas de interpretación que, a pesar da súa mellor intención, xamais se poderán

semellar á relación real, de primeira man, entre o visitante e o trazo interpretativo. Ademais, son a natureza e o tratamento da información o que converten unhas instalacións nun centro de interpretación ou non.

Análise dalgunhas definicións de interpretación

Cando en 1957, Freeman TILDEN definiu por primeira vez a disciplina, referiuse a ela como unha actividade educativa que ten por obxecto a revelación do significado e das interrelacións de determinados elementos de interese patrimonial, sen se limitar a dar unha simple información sobre este. Ao parecer, un tempo despois recoñecería que o seu carácter non era tanto educativo como recreativo, ao ter en conta os modelos de relación que existen entre o público xeral e os obxectos, e os fenómenos de interese patrimonial e as condicións en que se produce a comunicación dos seus valores (un escaso interese, un tempo limitado, a complexidade do que se comunica etc.).

Uns anos máis tarde, concretamente en 1975, Don ALDRIDGE fala da interpretación para se referir a ela como “a arte de explicar o lugar do ser humano no seu medio”. Existe aquí un certo paralelismo coa definición que en 1970 realizou a

Unión Internacional para a Conservación da Natureza da Educación Ambiental: *“a Educación Ambiental é o proceso que consiste en recoñecer os valores e en aclarar os conceptos co obxecto de fomentar as aptitudes e as actitudes necesarias para comprender e apreciar as interrelacións entre o home, a súa cultura e o seu medio biofísico”*. ALDRIDGE fala, ademais, da importancia de incrementar a conciencia das persoas visitantes sobre a transcendencia da relación entre os seres humanos e o seu ámbito, de maneira que esperte neles o desexo de contribuíren á conservación do medio, un obxectivo que coincide plenamente co da Educación Ambiental.

En 1982, Paul Risk realiza unha definición da interpretación que é, sen dúbida ningunha, a que máis aproxima a interpretación á Educación Ambiental. Para este autor, trataríase dunha tradución da linguaxe técnica e complexa das disciplinas relativas ao medio a unha forma non técnica, cuxo fin último non é outro que a creación no visitante dunha sensibilidade, unha conciencia, un entendemento, un entusiasmo e un compromiso cara ao recurso que é interpretado e que todo iso, loxicamente, redunde na súa conservación. Este conxunto de intencións correspóndese, case na súa totalidade, cos diferentes niveis dos obxectivos da educación ambiental: a sensibilización, a toma de conciencia, o coñecemento, o desenvolvemento de actitudes e o

desenvolvemento de aptitudes. Non obstante, para os que nos dedicamos profesionalmente á interpretación, esta definición non deixa de ser tremendamente inxenua, sobre todo porque non ten en conta a realidade en que se desenvolven os procesos que se vinculan á interpretación.

Como se dixo, as persoas destinatarias da interpretación son o público xeral que visita determinados lugares no seu tempo de lecer, e se algo caracteriza este tipo de público, é a ausencia absoluta de tempo e de motivación. Nuns segundos, dificilmente poderemos conseguir a sensibilización e a concienciación do público e, moito menos, chegaremos a conseguir espertar nel ningún tipo de compromiso. Chegar a convencer alguén nuns segundos é unha tarefa imposible. En todo caso, os esforzos teñen que dirixirse a persuadilo para que, polo menos durante a súa visita, se comporte de maneira que o seu impacto sobre o recurso sexa o mínimo posible.

O público e a comunicación dos valores do medio

Pode afirmarse que, en xeral, as persoas se comportan en función da situación ambiental en que se achan. Para a maioría das persoas que habitamos en países do primeiro mundo, onde o noventa por cento da poboación reside no medio urbano, o

medio natural aparece como algo alleo a nós, cando non nos infunde un estraño respecto que se aproxima, nalgúns casos, ao medo.

Se temos en conta que a interpretación vai dirixida a un público voluntario (non cativo), que visita algún lugar, durante o seu tempo de lecer (na procura de satisfaccións internas) e nun mundo que lle é, en parte, alleo, dificilmente podemos esixirle que actúe como se estivese nunha clase ou nun traballo, para que estude ou para que intente aspectos da vida que, probablemente, o traen sen coidado.

En consecuencia, se partimos destes condicionantes, a interpretación debe ser en todo momento interesante e entretida (xa que non hai incentivos externos), e ser capaz non só de chamar a atención senón, sobre todo, de a manter. Mais, ademais disto, toda a información que se achegue ao público ten que ser absolutamente comprensible e doada de procesar. Ademais, aqueles aspectos que se traten deben ser o máis relevante que for posible e, ademais, deben estar organizados conceptualmente de maneira que o público os poida dixerir sen demasiado esforzo.

Yorke EDWARDS realizou en 1976 unha das mellores caracterizacións da interpretación, ao incidir naqueles aspectos que poden facilitar a vinculación afectiva entre os visitantes e o recurso que é interpretado. Para comezar, o proceso de comunicación

ten que se realizar de xeito atractivo, para procurar os elementos comúns entre a nova realidade que se ofrece ao público e o seu mundo cotián; a información debe ser absolutamente concisa e debe ser realista cos tempos que as persoas están dispostas a nos dedicar; o proceso debe realizarse en presenza do obxecto que é interpretado e o seu obxectivo debe ir máis alá da simple información, dirixindo os esforzos á revelación do significado daquela realidade que é interpretada.

A xeito de conclusión

A educación dun público xeral, quer no ambiental quer noutros aspectos da vida, non é unha tarefa doada. A interpretación debe moverse entre o entretemento (para provocar a diversión e a recreación do público) e a inspiración (para xerar emocións), de maneira que o público chegue a ser sensible ante determinadas realidades do noso medio e das súas problemáticas concretas. Deste xeito, é posible que coa suma de pequenos momentos de gozo e de sensibilización a xente sexa capaz de se ir educando. Neste sentido, a interpretación procura máis espertar a curiosidade que a satisfacer.

A persuasión non é educación, mais a sucesión de distintas persuasións pode inducir ao público á reflexión e á utilización de capacidade de raciocinio para chegar a

conclusións a respecto da necesidade de respectar todo aquilo que nos rodea e que, en definitiva, forma parte da nosa vida.

Unha boa interpretación, ben realizada, pode conseguir que a xente se interese por uns aspectos que, ata ese momento, fosen absolutamente intrascendentes para a súa vida. Para iso, é fundamental racionalizar os esforzos económicos e de comunicación, de maneira que o público pase de ser un simple espectador para se converter nunha persoa educada ambientalmente, que sexa capaz de colaborar e de se implicar na conservación e na xestión do patrimonio natural.

Bibliografía

- HAM, S. H. (1992). Interpretación ambiental. Una guía práctica para gente con grandes ideas y presupuestos pequeños. Golden: North American Press.
- MORALES, J. (1998). Guía práctica para la Interpretación del Patrimonio. El arte de acercar el legado natural y cultural al público visitante. Sevilla: Junta de Andalucía. Consejería de Cultura.
- TILDEN, F. (1957). Interpreting Our Heritage. Carolina do Norte: The University of North Carolina Press.